



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

# ACTA DO PLENO DE LOUSAME

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

## SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 27 DE DECEMBRO DE 2018

### ASISTENTES:

#### Alcaldesa:

M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais (GPM PP)

#### Concelleiros:

Ramón Manuel Martínez Rial (GPM PP)

Ramón Figueroa Pérez (GPM PP)

María Regenjo Vázquez (GPM PP)

Ramón García Conde (GPM PP)

Silvia Agrafojo Filgueira (GPM PP)

Julio M. D. Paradela Busto (GPM PSdG-PSOE)

Beatriz González Bargo (GPM PSdG-PSOE)

Iván Bermúdez Castro (GPM PSdG-PSOE)

#### Ausentes:

Lucía Rodríguez Cao (GPM PT)

Amador Turnes Núñez (GPM BNG)

#### Secretaria-Interventora:

Paula Ares Otero

Na localidade de Lousame (A Coruña), sendo as **09:20 horas** do día **27 de decembro de 2018**, no Salón de Plenos do Concello de Lousame, réunese a **Corporación Municipal en Pleno**, en sesión **EXTRAORDINARIA E URXENTE**, baixo a Presidencia de **D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais**, coa asistencia e ausencia dos concelleiros que se enumeran ao marxe.

A Corporación está asistida pola Secretaria-Interventora do Concello, D<sup>a</sup>. Paula Ares Otero, que da fe do acto.

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

### PARTE RESOLUTIVA:

- 1 Ratificación, se procede, da urxencia da sesión.
- 2 Aprobación, se procede, do REC 12/2018.
- 3 Elección de Xulz de Paz





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## **1) RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN**

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

.....

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**

De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requiríndose que o pleno do ente local, ratifique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

As razóns que motivan a urxencia na convocatoria da sesión son as seguintes:

#### **1 Aprobación do REC 12/2018**

A día de hoxe existen facturas rexistradas en FACE que non poden ser aprobadas pola Alcaldía. Todas elas corresponden ao capítulo 6 de gastos que non puido ser obxecto de prórroga orzamentaria.

O crédito foi habilitado posteriormente coa tramitación dunha modificación orzamentaria entre aplicacións da mesma área de gasto. Pero a aprobación das facturas corresponde ao Pleno Corporativo, mediante a aprobación dun recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para que as facturas se poidan aprobar e aplicar neste exercicio deben ser aprobadas antes de que este finalice. No caso de convocar o pleno cos dous días de antelación as facturas non poderían ser aprobadas neste exercicio.

#### **2 Elección do Xuíz de Paz**

O prazo para elixir ao Xuíz de Paz do Concello de Lousame remata o día de mañá, 27.12.2018.

Por todos estes antecedentes, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que RATIFIQUE a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o xoves, día 27 de decembro de 2018.

2

Acta do Pleno do Concello de Lousame  
Sesión extraordinaria e urxente do día 27.12.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Lousame, a 26 de decembro de 2018.

A alcaldesa

M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

Non habendo intervenciónS, a Alcaldesa somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos nove (9) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia da sesión extraordinaria do día 27.12.2018

## **2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO REC 12/2018**

A Alcaldesa da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA: Aprobación de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 12/2018**

M<sup>a</sup> TERESA VILLAVERDE PAIS, Alcaldesa do Concello de Lousame, propoño ao Pleno Corporativo a adopción do presente ACORDO:

“Vistos os xustificantes de gasto que a continuación se detallan:

Anexo I: Facturas incluídas no REC 12.2018							
Nº RF	Data RF	Factura	Data fact.	Importe	Nombre	Concepto	Aplicación
F/2018/1582	11-10-18	Emlt 1477	11-10-18	124	ELECTRODOMESTICOS CARACAS SL	MEMORIA SANDISK / TELEFONO MOVIL MAGNA B7	330 63600
F/2018/1750	14-11-18	N44	14-11-18	2078,59	CASAIS LADO, S.L.	CANASTAS DE MINIBASKET	342 63300
F/2018/1853	12-12-18	Emit 1837	12-12-18	248,99	ELECTRODOMESTICOS CARACAS SL	TELEFONO SAMSUNG	150 63600
F/2018/1872	17-12-18	Emit 1866	17-12-18	1706,99	ELECTRODOMESTICOS CARACAS SL	ORDENADORES CASA CULTURA	330 63600
				4158,57			

Visto o informe da Secretaría-Intervención núm. 143/2018 do 19.12.2018.

3

Acta do Pleno do Concello de Lousame  
Sesión extraordinaria e urxente do día 27.12.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Dada a existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente para o recoñecemento das obrigas correspondentes nas aplicacións orzamentarias sinaladas, no Orzamento de 2018, habilitada coa aprobación da modificación de crédito núm. 30/2018, aprobada o 19.12.2018.

Sendo que os gastos foron efectivamente realizados, que se axustan a prezos de mercado e cómpre a súa aprobación e aplicación ao orzamento vixente, xa que no caso contrario produciríase un enriquecemento ilícito da Administración; non sendo operativo, por razóns de economía procesual, tramitar un expediente de revisión de oficio.

Este Pleno Corporativo, en aplicación do artigo 60.2 do RD 500/1990, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario **ACORDA:**

**Primeiro:** Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas, por recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 12/2018, dos documentos xustificativos de gasto anteriormente indicados.

**Segundo:** Ordenar o pago dos xustificantes de gasto relacionados, segundo as disposicións da Tesourería.

**Terceiro:** Dar conta do presente acordo á Intervención, Tesourería e Departamento Contable para a súa tramitación e efectos oportunos.

Lousame, a 19 de decembro de 2018.

A Alcaldesa

M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

.....  
A Alcaldía explica as facturas que se somete a aprobación vía REC 12/2018.

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións somete o asunto a votación.


En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos 6 concelleiros do PP) e tres (3) abstencións (emitidas polos 3 concelleiros do PSDG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte **ACORDO:**

<<Vistos os xustificantes de gasto que a continuación se detallan:

Anexo I: Facturas incluídas no REC 12.2018							
Nº RF	Data RF	Factura	Data fact.	Importe	Nombre	Concepto	Aplicación
F/2018/1582	11-10-18	Emlit 1477	11-10-18	124	ELECTRODOMESTICOS CARACAS SL	MEMORIA SANDISK / TELEFONO MOVIL	330 63600

4

Acta do Pleno do Concello de Lousame  
Sesión extraordinaria e urxente do día 27.12.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

						MAGNA B7		
F/2018/1750	14-11-18	N44	14-11-18	2078,59	CASAI S LADO, S.L.	CANASTAS DE MINIBASKET	342	63300
F/2018/1853	12-12-18	Emit 1837	12-12-18	248,99	ELECTRODOMESTICOS CARACAS SL	TELEFONO SAMSUNG	150	63600
F/2018/1872	17-12-18	Emit 1866	17-12-18	1706,99	ELECTRODOMESTICOS CARACAS SL	ORDENADORES CASA CULTURA	330	63600
				4158,57				

Visto o informe da Secretaría-Intervención núm. 143/2018 do 19.12.2018.

Dada a existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente para o recoñecemento das obrigas correspondentes nas aplicacións orzamentarias sinaladas, no Orzamento de 2018, habilitada coa aprobación da modificación de crédito núm. 30/2018, aprobada o 19.12.2018.

Sendo que os gastos foron efectivamente realizados, que se axustan a prezos de mercado e cómpre a súa aprobación e aplicación ao orzamento vixente, xa que no caso contrario produciríase un enriquecemento ilícito da Administración; non sendo operativo, por razóns de economía procesual, tramitar un expediente de revisión de oficio.

Este Pleno Corporativo, en aplicación do artigo 60.2 do RD 500/1990, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario **ACORDA:**

**Primeiro:** Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas, por recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 12/2018, dos documentos xustificativos de gasto anteriormente indicados.

**Segundo:** Ordenar o pago dos xustificantes de gasto relacionados, segundo as disposicións da Tesourería.

**Terceiro:** Dar conta do presente acordo á Intervención, Tesourería e Departamento Contable para a súa tramitación e efectos oportunos>>

### **3) ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ**

A Alcaldía sinala que o Pleno Corporativo debe proceder á elección do Xuíz de Paz. Tamén se sacou a convocatoria para Xuíz de Paz Substituto, aínda que esta necesidade nunca a tivo o Concello de Lousame; xa que a actual Xuíza de Paz titular, que se volve a presentar para o posto, sempre colle as vacacións no mes de agosto, que é inhábil a efectos xudiciais.

5

Acta do Pleno do Concello de Lousame  
Sesión extraordinaria e urxente do día 27.12.2018





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldía da conta dos antecedentes que constan no expediente administrativo, que foron remitidos a todos os membros corporativos, que son os que de seguido se indican e serven da base para a elección do acordo.

Antecedentes:

- 1 O 27.09.2018 con rexistro de entrada núm. 2748 recibíuse escrito do Tribunal Superior de Xustiza onde se notifica o acordo adoptado pola Sala de Goberno do TSX polo que se acordou oficiar ao Concello de Lousame a fin de que inicie expediente para elección do cargo de Xuíz de Paz.
- 2 Providencia da Alcaldía de incoación do expediente administrativo do 02.10.2018.
- 3 Informe do Técnico de Administración Xeral do 02.10.2018 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.
- 4 Anuncio de información pública publicado no BOP núm. 191 do 05.10.2018, por un período de 20 días hábiles.
- 5 Bando de información pública publicado no Xulgado de 1ª instancia e instrución decano de Noia; segundo dilixencia do letrado da Administración de Xustiza, que acredita a súa exposición por un período de 20 días hábiles.
- 6 O prazo para presentar solicitudes era de 20 días hábiles a contar dende a publicación do anuncio no BOP e abrangueu do 06.10.2018 até o 06.11.2018.
- 7 O 23.10.2018 dona Dolores González Castro, con DNI 78784938W, presenta solicitude para ser nomeada Xuíza de Paz Titular ou Substituta.
- 8 O 06.11.2018 don Xoan Evans Pln, con DNI 33300528R, presenta solicitude para ser nomeado Xuíz de Paz Substituto.
- 9 Informe da Secretaría-Intervención do Concello do 17.12.2018

A continuación, a Alcaldía somete a votación do Pleno Corporativo, a elección dos cargos de Xuíz de Paz Titular e Substituto.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

— **Elección do cargo de Xuíz de Paz Titular.**

Candidatos:

- 1 Dona Dolores González Castro, con DNI 78784938W.

Votación:

**Unanimidade dos nove (9) concelleiros presentes; acadando polo tanto a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.**

— **Elección do cargo de Xuíz de Paz Substituto.**

Ao ser elixida dona Dolores González Castro como Xuíz de Paz Titular, xa decae a súa candidatura para ser Xuíza de Paz Substituta.

Candidatos presentados:

- 1 Don Xoán Evans Pin, con DNI 33300528R.

Votación:

**Abstención dos nove (9) concelleiros presentes; non acadando polo tanto a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.**

Á vista do anterior, o Pleno Corporativo, de conformidade cos artigos 22.2 p) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, así como co artigo 6 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz **ACORDA:**

**Primeiro:** Designar a dona **Dolores González Castro**, con DNI **78784938W**, domiciliada en Marracín de Abaixo, núm. 18, como **Xuíz de Paz Titular**, ao acadar a **maioría absoluta** do número legal de membros do Pleno Corporativo.

**Segundo:** Dar traslado deste acordo ao Xulgado de 1ª instancia e instrución Decano de Noia que o elevará á Sala de Goberno, tal e como sinala o artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

E non habendo outros asuntos dos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás nove horas e vinte e cinco minutos (09:25 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE

María Teresa Vinaverde Pais



A SECRETARÍA-INTERVENTORA

Paula Ares Otero

